



Concello de Meaño

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Convocatoria da Mesa de contratación no expediente de contratación da obra “Ampliación e pavimentación do vial A Pedreira – Barreiro – Picón (Tramo 1)”.

EXPEDIENTE: 783/2020

Considerando que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 23 de xullo de 2021, propón excluir da clasificación á empresa NAROM S.L., ao non xustificar a oferta incursa en presunción de anormalidade, nos termos do artigo artigo 149.4 da LCSP, e formula proposta de adxudicación do contrato a favor da empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS S.L., a vez que acorda requirir á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS S.L., para que no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío da comunicación presenten a garantía definitiva e a documentación prevista no apartado 14.2 do prego de cláusulas administrativas.

Considerando que a empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS S.L., transcorrido o citado prazo non presenta a documentación requirida e presenta declaración na que sinala que por causas médicas se viron imposibilitados para entregar a documentación para a adxudicación do contrato no prazo establecido polo que entenden que a súa oferta vai a ser descartada e se procederá a adxudicación do mencionado contrato a seguinte empresa mellor clasificada.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, RESOLVE:

1º/ Convocar, aos membros da Mesa de contratación, para ás 12:00 horas do día 5 de agosto de 2021, para formular a correspondente proposta de adxudicación.

2º/ Publicar a presente convocatoria na plataforma de Contratos Públicos de Galicia e na páxina Web do Concello de Meaño.

Manda e asina o Sr. alcalde Carlos Vieitez Fernández, en Meaño, ante a secretaria-interventora M^a Teresa Escudero Barral, do que dou fe.

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

